

**PROTOCOLO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE SOPORTE Á XESTIÓN  
ECONÓMICA DE GRUPOS DE INVESTIGACIÓN**

**PERÍODO 2018-2021**

No ano 2010, a Universidade de Vigo estableceu a posibilidade de que os seus grupos de investigación subscribisen contratos-programa, podendo estes recibir financiamento de diversas fontes e ter unha duración máxima de 3 anos prorrogables. Posteriormente, no ano 2013, avanzouse no espírito desta iniciativa, implantándose os *Programas de Soporte á xestión económica de grupos de investigación* (denominados programas-soporte), que permitiron consolidar e mellorar a xestión económica da actividade investigadora destes grupos. Estableceuse un protocolo para o desenvolvemento dos programas-soporte que definía claramente os seus obxectivos, as fontes posibles de financiación, e as condicións para a apertura e execución dos mesmos. Tamén, introducíronse nas normas anuais de desenvolvemento dos orzamentos da Universidade as especificacións necesarias correspondentes.

Transcorridos catro anos desde a implantación dos programas-soporte, e tendo en conta a probada utilidade desta ferramenta para o desenvolvemento da actividade do persoal investigador da Universidade de Vigo, compe realizar unha revisión do protocolo de desenvolvemento, con obxecto de darlle continuidade e mellorar no posible o seu funcionamento. No presente protocolo, e sen prexuízo do cumprimento das correspondentes normas de execución dos orzamentos anuais da Universidade, detállase o procedemento para a solicitude, autorización, xestión e execución dos programas-soporte aplicable ao período 2018-2021.

## 1. *Obxecto*

O Programa de Soporte á Xestión Económica de Grupos de Investigación (en adiante, programa-soporte) consiste na apertura, previa autorización da Xerencia á proposta da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, de aplicacións orzamentarias de gasto para a xestión económica das actividades de I+D+i de grupos de investigadoras e investigadores da Universidade de Vigo.

## 2. *Persoas e/ou grupos destinatarios*

A solicitude dun programa-soporte pode ser realizada por calquera grupo de investigación, así como por conxuntos de grupos de investigación e/ou persoal investigador, sempre que identifiquen a fonte de financiación. Tamén poderá solicitarse un programa-soporte para as agrupacións estratéxicas e centros singulares de investigación recoñecidos na Universidade de Vigo. Un investigador ou investigadora só poderá participar nun programa-soporte, agás no caso que un deles sexa o dunha agrupación estratéxica ou centro singular de investigación.

## 3. *Procedemento e período de solicitude*

A solicitude deberá ser presentada na Vicerreitoría de Investigación e Transferencia utilizando o formulario correspondente, que estará dispoñible na web da Universidade, no que se indicarán os datos e conformidade do grupo, grupos e/ou persoal investigador solicitante, así como unha breve descrición das actividades de I+D+i previstas, os ingresos iniciais e unha estimación aproximada dos gastos a realizar, debendo quedar patente a viabilidade da planificación proposta.

No caso de recibir a autorización da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, e co visto e prace da Xerencia, procederase á apertura e dotación da correspondente aplicación orzamentaria.

Calquera modificación nas persoas participantes no programa-soporte deberá ser autorizada, previa solicitude, pola Vicerreitoría de Investigación e Transferencia. A baixa de participantes non suporá en ningún caso a retirada dos fondos previamente aportados ao programa-soporte.

As solicitudes de apertura ou prórroga dun programa-soporte deberán ser presentadas entre o 1 de setembro e o 31 de outubro de cada ano, agás que a Vicerreitoría de Investigación e Transferencia estableza de modo específico un prazo distinto. Así mesmo, a Vicerreitoría de Investigación e Transferencia poderá, en casos excepcionais, ter en conta solicitudes presentadas fora deste prazo ou autorizar o inicio e/ou finalización da vixencia dun programa-soporte en datas distintas do 1 de xaneiro ou 31 de decembro.

## 4. *Duración, dotación mínima e dotación económica*

Un programa-soporte poderá ter unha duración inicial de un, dous ou tres anos, considerados dende 1 de xaneiro ata 31 de decembro, e será prorrogable por períodos anuais ata unha duración total máxima de catro anos, sempre que se dispoña do financiamento mínimo anual esixido.

O financiamento mínimo necesario é de 8.000 € por ano. Ademais da dotación inicial, poderán efectuarse dotacións de fondos adicionais durante o período de vixencia.

A aplicación orzamentaria do programa-soporte poderá dotarse con, entre outros:

- Os importes de Producción de investigación e Producción de transferencia calculados en base aos ás investigadoras e investigadores participantes no programa-soporte
- Transferencias de crédito de outras aplicacións orzamentarias, sempre que cumpran co establecido nas normas de execución do orzamento
- Redistribucións de crédito efectuadas dende as aplicacións que xestiona a Vicerreitoría de Investigación e Transferencia
- Recursos libres de proxectos europeos
- Recursos xerados por contratos de I+D con empresas e institucións, incluíndo isto tanto os fondos que se transfiren aos departamentos segundo o Regulamento de cursos e convenios da Universidade de Vigo, como outros importes non consumidos na execución dos contratos
- Recursos procedentes das aplicacións orzamentarias dos departamentos, sempre que estes o autoricen
- Ingresos xerados por congresos, xornadas ou cursos
- Ingresos derivados de actividades de mecenazgo
- Outros recursos non finalistas

En ningún caso poderán dotarse os programa-soporte con axudas públicas ou recursos resultantes de actividades suxeitas á Lei de Subvencións.

## 5. *Gastos imputables*

Poden imputarse co cargo aos programa-soporte gastos derivados da execución de actividades de I+D+i:

- Material funxible, incluíndo material informático e de oficina
- Material inventariable
- Contratación laboral de persoal
- Desprazamentos e indemnizacións por razón de servizo
- Custos de reparacións e mantemento de equipos e instalacións
- Contratación de servizos externos
- Outros gastos

Así mesmo, poderán realizarse nos programas-soporte operacións contables relacionadas cos cargos internos asociados aos servizos dos Centros de Apoio á Investigación e Centros Singulares de Investigación da Universidade de Vigo.

Non é posible o financiamento de bolsas con cargo aos programa-soporte: a vinculación de persoal debe realizarse a través de contratos laborais.

En todos os casos, deberase ter en conta a normativa vixente da Universidade e os procedementos de tramitación que correspondan.

#### 6. *Incorporación de remanentes*

A execución de gasto no programa-soporte debe reflectir claramente a actividade investigadora do grupo. Polo tanto, a incorporación do remanente do crédito existente ao final do exercicio económico á anualidade seguinte non poderá superar a suma do 50% da dotación do ano correspondente mais o 25% do remanente procedente do ano anterior. Se o saldo dispoñible a 31 de decembro é superior a esta cantidade, o resto non será incorporado en ningún caso. En todos os casos, deberá cumprirse a norma orzamentaria de non superar o teito de gasto e o porcentaxe de déficit establecido para cada ano.

#### 7. *Informe de actividades*

O persoal investigador coordinador do programa-soporte deberá presentar na Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, no mes seguinte á finalización da vixencia do programa-soporte ou xunto coa solicitude de prorroga, de ser o caso, un breve informe das actividades realizadas e os resultados obtidos, segundo o formato dispoñible na web da Universidade. A Vicerreitoría de Investigación e Transferencia poderá tomar as medidas oportunas en caso de non entregarse a memoria.

#### *Disposición transitoria*

Os grupos de investigación ou conxuntos de investigadoras e investigadores da Universidade de Vigo que teñan vixente un programa-soporte con data de finalización en 2017 poden solicitar a transformación do mesmo a esta nova modalidade. Para elo, deberán presentar unha solicitude segundo o indicado no apartado 3 deste protocolo, indicando na mesma os datos do programa-soporte vixente. Neste caso, o prazo para a presentación da solicitude será desde o día seguinte á aprobación deste protocolo en Consello de Goberno ata o 31 de outubro de 2017. A solicitude poderá realizarse por unha duración inicial de un, dous ou tres anos, prorrogables ata un máximo de catro anos, segundo o indicado no apartado 4 deste protocolo, que se contabilizarán en todos os casos a partir do 1 de xaneiro de 2018.

No que respecta aos fondos, de ser aprobada a solicitude, dotarase na anualidade 2018, dentro da aplicación orzamentaria correspondente, o saldo non executado ao final do ano económico 2017, de acordo co establecido no apartado 6.